

O concello de Pontevedra reitera a súa aposta pola bici urbana

Ou alomenos é o que se desprende das declaracións posteriores á xuntanza da Mesa da Bicicleta de Pontevedra recollidas nunha nova publicada hoxe en La Voz de Galicia.

A celebración un domingo de abril do Día da Bicicleta cunha marcha ciclista popular, a convocatoria na primavera dun ciclo de conferencias e mesas redondas sobre o uso da bicicleta como medio de transporte, a organización de talleres prácticos sobre reparación de bicicletas, cursos para aprender a montar -para os que se aproveitarán as bicicletas do PillaBici-, ou cursos sobre conducción segura na contorna urbana son as medidas anunciadas polo concelleiro do ramo, Luís Bará

Le a nova publicada en La Voz de Galicia.